

Grao de Historia - Curso 2023/2024

Traballo de Fin de Grao

**O Sinn Féin e a independencia de Irlanda  
(1905 - 1926)**



**Alumno: José Manuel Blanco Goldar**

**Director: Xose Manoel Nuñez Seijas**

**Área de Historia Contemporánea**

**Resumo:** fundado en 1905 como un pequeno partido nacionalista que buscaba obter a independencia de Irlanda mediante a resistencia pasiva e a instauración dunha monarquía dual, o Sinn Féin non logrou consolidarse como unha auténtica forza política na Irlanda anterior á Primeira Guerra Mundial, e semellaba que remataría por desaparecer sen deixar rastro algún. Non obstante, a súa errónea identificación polo público como a organización que estivera detrás do Alzamento de Pascua de 1916 converteuno de súpeto na plataforma común do republicanismo irlandés, e nos anos vindeiros sufriría unha reconversión total, transformándose nun partido de masas que lideraría a loita pola independencia na Guerra Anglo-Irlandesa, antes de dividirse en faccións rivais durante a Guerra Civil Irlandesa e caer de novo na ignominia. No presente traballo buscarase analizar o contexto no que xurdiu, o seu nacemento, ascenso e caída, as transformacións políticas que experimentou e o legado que deixou na nova Irlanda independente, así como examinar a súa composición, ideoloxía e as razóns que levaron ao seu triunfo.

**Palabras chave:** Sinn Féin, Irlanda, nacionalismo, republicanismo, autodeterminación

**Resumen:** fundado en 1905 como un pequeño partido nacionalista que buscaba obtener la independencia de Irlanda mediante la resistencia pasiva y la instauración de una monarquía dual, el Sinn Féin no logró consolidarse como una auténtica fuerza política en la Irlanda anterior a la Primera Guerra Mundial, y parecía que acabaría por desaparecer sin dejar ningún rastro. No obstante, su errónea identificación por el público como la organización que estuvo detrás del Alzamiento de Pascua de 1916 lo convirtió de repente en la plataforma común del republicanismo irlandés, y en los siguientes años sufriría una reconversión total, transformándose en un partido de masas que lideraría la lucha por la independencia en la Guerra Anglo-Irlandesa, antes de dividirse en facciones rivales durante la Guerra Civil Irlandesa y caer de nuevo en la ignominia. En el presente trabajo se buscará analizar el contexto en el que surgió, su nacimiento, ascenso y caída, las transformaciones políticas que experimentó y el legado que dejó en la nueva Irlanda independiente, así como examinar su composición, ideología y las razones que llevaron a su triunfo.

**Palabras clave:** Sinn Féin, Irlanda, nacionalismo, republicanismo, autodeterminación

**Abstract:** founded in 1905 as a small nationalist party that sought to achieve the independence of Ireland through passive resistance and the implementation of a dual monarchy, Sinn Féin did not manage to consolidate itself as a true political force in pre-WW1 Ireland, and it seemed like it would end up disappearing without a trace. However, its misidentification by the public as the organization behind the Easter Rising of 1916 turned it into the common platform of Irish republicanism, and in the following years it would suffer a total conversion, transforming into a mass party that would lead the fight for independence in the Anglo-Irish War, before dividing itself into rival factions during the Irish Civil War and falling once again into ignominy. In this project we shall seek to analyse the context in which it first appeared, its birth, rise and downfall, the political transformations it experienced and the legacy it left in the new, independent Ireland, and we shall examine as well its composition, ideology and the reasons that lead to its triumph.

**Key words:** Sinn Féin, Ireland, nationalism, republicanism, self-determination

## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN .....	5
1.1.	Estado da cuestión .....	5
2.	O SINN FÉIN “HÚNGARO”.....	6
2.1.	Irlanda antes de 1916.....	6
2.2.	O primeiro Sinn Féin .....	9
3.	O SINN FÉIN REVOLUCIONARIO .....	12
3.1.	As consecuencias do Alzamento de Pascua .....	12
3.2.	A resurrección do Sinn Féin .....	14
3.3.	O segundo Sinn Féin: xeografía, ideoloxía, socioloxía.....	16
3.4.	1918: crise, oportunidade e vitoria .....	19
3.5.	O Sinn Féin na Guerra de Independencia .....	22
4.	O SINN FÉIN EN CRISE .....	26
4.1.	O Tratado e a Guerra Civil .....	26
4.2.	O declive do Sinn Féin residual.....	28
5.	CONCLUSIÓNS .....	30
6.	BIBLIOGRAFÍA .....	32

## 1. INTRODUCCIÓN

“*Sinn féin*” (“Nós mesmos”) ou “*Sinn féin amháin*” (“Nós mesmos sós”) é unha expresión en gaélico irlandés que se popularizou entre os círculos nacionalistas irlandeses de finais do século XIX e comezos do XX. O exemplo máis temperán do seu uso atópase no título dunha obra de teatro de 1882, *Shin Fain*, e posteriormente sería empregada como slogan da Liga Gaélica, fundada en 1893, e en ocasionais campañas electorais de políticos nacionalistas. En 1905, un periodista dublinés, Arthur Griffith, alumaría o seu conxunto de propostas para acadar a independencia de Irlanda como a “política Sinn Féin” (*Sinn Féin Policy*), e o termo pasaría a empregarse para nomear a formación que el presidía<sup>1</sup>.

No momento da súa creación, o Sinn Féin era pouco máis que un club de intelectuais dublineses que apoiaban unha corrente separatista moi pouco popular entre o común da poboación irlandesa. Trece anos despois, en 1918, convertérase no partido máis votado, e liderou o proceso de independencia de Irlanda. Unha década despois, tras lograr o seu obxectivo, novamente desaparecera da escena política, consumido pola Guerra Civil que se xestou desde dentro das súas filas, e que non rexurdiría ata o inicio do Conflito Norirlandés e a reactivación do IRA. No presente Traballo de Fin de Grao intentaremos examinar como se produciu esta evolución, os cambios que experimentou e os factores que permitiron o desenvolvemento dunha forza que deixou unha pegada indeleble na histórica contemporánea irlandesa.

### 1.1. Estado da cuestión

Debido ao seu rol central no proceso de independencia irlandés, o Sinn Féin ten sido un importante obxecto de estudo na historiografía irlandesa, aínda que o exame do partido en si, á marxe dos populares estudos biográficos dos seus principais integrantes (Michael Collins, Éamon de Valera, a condesa Markievicz en anos recentes...), a miúdo tense limitado a períodos concretos. Os anos de intensa actividade política de 1916-1919 ou o cisma que levou á Guerra Civil de 1922-1923 son obxecto de especial atención, mentres que os estudos dos seus inicios en 1905-1916 como un movemento

---

<sup>1</sup> Feeney, B. (2002). *Sinn Féin. Un siglo de historia irlandesa*. Edhasa, pp. 28-29.

marxinal, dos anos nos que primou a loita militar (a Guerra de Independencia de 1919-1921, a Guerra Civil) ou do declive posterior a 1923 son relegados a un papel secundario, en favor doutros temas contemporáneos. Entre as principais obras que analizan o propio Sinn Féin de inicios do século XX atópanse *The Resurrection of Ireland: The Sinn Féin Party* (Cambridge University Press, 1999) de Michael Laffan e *Politics and Irish Life, 1913-1921* (Cork University Press, 1998) e *The Two Irelands, 1912-1939* (Oxford University Press, 1998) de David Fitzpatrick.

## 2. O SINN FÉIN “HÚNGARO”

“Para Irlanda foron anos [...] dunha tranquilidade case uniforme. Non era fantasioso, nin moito menos fantástico, falar da “nova Irlanda” dez ou incluso cinco anos atrás como unha crecente realidade”<sup>2</sup>. Así describía o escritor británico Sydney Brooks á Irlanda de comezos do século XX, anterior á “Crise do *Home Rule*” e ao Alzamento de Pascua de 1916. Un século despois da Acta de Unión de 1800, que formalizou a unificación dos reinos de Gran Bretaña e de Irlanda nun único Reino Unido, parecía que a longa historia irlandesa de revoltas e represión chegara á súa fin. A fin das políticas anti-católicas e as reformas agrarias calmaron a situación, e a opinión maioritaria asemellaba estar en favor de seguir a vía constitucional para acadar un certo grado de autonomía dentro do Reino Unido, o chamado *Home Rule*. Neste ambiente xurdiu o Sinn Féin, nun intento de conciliar o nacionalismo separatista cunha política de resistencia pasiva e pacífica que o fixese máis atractivo ao cidadán medio.

### 2.1. Irlanda antes de 1916

Na primeira década do século XX, a escena política irlandesa estaba dominada polo Partido Parlamentario Irlandés (*Irish Parliamentary Party*, IPP), liderado por John Redmond. Formado en 1882, a organización converteuse na forza hexemónica da illa abandeirando a causa do *Home Rule*, e, a pesar do fracaso de sendos proxectos de Lei ao respecto en 1886 e 1893, mantívose firme na súa postura conseguilo mediante a acción

---

<sup>2</sup> Brooks, S. (1916). The Irish Insurrection. *The North American Review*, 204 (728), p. 57. Tradución do autor

parlamentaria. Á marxe de ocasionais formacións independentes de escasa relevancia, os principais competidores electorais do IPP foron os unionistas, partidarios de que Irlanda continuase sendo parte íntegra do Reino Unido e opostos a calquera tipo de autonomía. Atoparon o seu principal apoio entre a poboación protestante da illa, temerosa de que a maioría católica dunha Irlanda autónoma os discriminase, e as elites industriais de Belfast, fundamentalmente protestantes e cuxo modelo de negocio dependía da pertenza ao mercado británico. Polo tanto, produciuse unha tendencia a equiparar “unionismo” con “protestantismo” e “nacionalismo” con “catolicismo”, o que conduciu a un crecente sectarismo político con desastrosas consecuencias no futuro. Non obstante, nos anos de relativa calma anteriores a 1912, isto simplemente traducíuse na consolidación dun feudo electoral unionista nos seis condados da provincia setentrional do Ulster onde dominaban os protestantes, mentres que o IPP imperaba case sen oposición no resto da illa, en gran medida grazas ao sistema británico de escrutinio maioritario uninominal (*first-past-the-post voting*), que os sobrerrepresentaba en detrimento das minorías políticas (nacionalistas no Ulster, unionistas e nacionalistas disidentes no sur).

Á marxe das forzas electorais, os primeiros anos do século XX tamén foron testemuñas doutros movementos de gran importancia. Por un lado, o Rexurdimento Gaélico, que buscaba reavivar a cultura e a lingua tradicionais irlandesas, estaba en pleno auge, con organizacións como a Liga Gaélica promovéndoas e intentando combater a “anglicización” da sociedade hiberna. Por outro, a memoria da tradición “feniana” de acción directa para acadar unha Irlanda republicana e independente foi preservada gracias á Irmandade Republicana Irlandesa (*Irish Republican Brotherhood*, IRB). A pesar das súas reducidas dimensións tras décadas de rebelións fracasadas e de represión policial, a organización clandestina logrou infiltrarse no movemento gaelicista e recrutar a figuras de gran relevancia nos seguintes anos (Patrick Pearse, Éamon de Valera, Michael Collins...), inculcando os seus ideais nun pequeno pero influente sector do nacionalismo radical irlandés<sup>3</sup>. Unidos á crecente desilusión co sistema liberal

---

<sup>3</sup> Laffan, M. (1999). *The Resurrection of Ireland. The Sinn Féin Party, 1916-1923*. Cambridge University Press, pp. 11-13.

británico e coa falta de resultados da estratexia constitucional do IPP, estes factores demarcaron o espazo no que se desenvolveu o novo pensamento republicano irlandés, de corte revolucionario e anglófono<sup>4</sup>.

Despois das eleccións de 1910, cando o Partido Liberal británico precisou do apoio do IPP, parecía que a causa autonomista redimírase e que lograría o seu obxectivo, conseguindo a introdución en Westminster dun novo proxecto de Lei do *Home Rule* en 1912. Non obstante, a oposición unionista negouse a aceptala, e, co apoio tácito de boa parte do *establishment* británico, galvanizouse en 1913 coa creación dos Voluntarios do Ulster, unha formación paramilitar destinada a impedir, pola forza se fose necesario, a inclusión dos seis condados unionistas nunha Irlanda autónoma. Ante esta provocación, e vista a inacción das autoridades británicas para reprimila, o movemento nacionalista irlandés respondeu coa creación dunha forza propia pouco despois, os Voluntarios Irlandeses. Aínda que buscaba defender a unidade de Irlanda baixo un réxime de *Home Rule*, a IRB logrou infiltrarse na milicia e ocupar postos clave, aproveitando a oportunidade de cooptar un movemento de masas para acadar a independencia.

A “Crise do *Home Rule*” e o temor a unha guerra civil entre as milicias disipouse co estalido da Primeira Guerra Mundial en agosto de 1914. Aínda que a Lei do *Home Rule* foi finalmente aprobada en setembro, pospúxose a súa aplicación ata despois da fin da guerra, e para asegurar a obtención da autonomía Redmond e o IPP instaron aos Voluntarios Irlandeses a alistarse no exército británico, demostrando a súa lealdade combatendo pola Coroa contra as Potencias Centrais. A medida foi oposta polo líder dos Voluntarios, Eoin MacNeill, e por aqueles que consideraban que os irlandeses debían permanecer neutrais fronte a unha “guerra inglesa”, pero a súa opinión era minoritaria: aproximadamente 150.000 milicianos seguiron o chamamento de Redmond e incorporáronse a filas, mentres que só un reducido grupo de entre 2.000 e 12.300 Voluntarios mantivéronse do lado de MacNeill<sup>5</sup>, representando o sector radical

---

<sup>4</sup> Kissane, B. (2009). The Constitutional Revolution That Never Was: Democratic Radicalism and the Sinn Féin Movement, *Radical History Review*, 104, pp. 84-85.

<sup>5</sup> Laffan, M. (1999), p. 15.

influenciado pola IRB e por un movemento entón marxinal: o Sinn Féin de Arthur Griffith.

## **2.2. O primeiro Sinn Féin**

Arthur Griffith naceu en 1871 no seo dunha familia dublinesa de clase traballadora. Seguindo os pasos do seu pai, converteuse en editor e xornalista, e tras vivir en Sudáfrica uns anos, fundou o semanario *United Irishman* ao seu regreso a Dublín en 1898, dende onde desenvolvería unha febril actividade xornalística. Aínda que se movía nos círculos da IRB dende polo menos 1891<sup>6</sup>, Griffith comezou a mostrarse cada vez máis escéptico das posibilidades de lograr a independencia pola vía revolucionaria e republicana, debido á falta de apoio das masas ao nacionalismo radical e a unha ruptura total co Reino Unido. Igualmente oposto ao autonomismo do *Home Rule*, que implicaba unha continuada subordinación ao goberno e Parlamento británicos, Griffith buscou formular unha alternativa viable, empregando como modelo a monarquía dual austrohúngara.

Nunha serie de artigos publicados no *United Irishman* en 1904 sobre “A Resurrección de Hungría” (posteriormente agrupados nun libro do mesmo título<sup>7</sup>) Griffith explorou a historia recente do país: o fracaso da Revolución Húngara de 1848, a política de “resistencia pasiva” contra o dominio austríaco, a negativa dos deputados húngaros a participar no Parlamento Imperial e o Compromiso de 1867, polo que Austria e Hungría se perfilaban como Estados separados cun monarca, exército e política exterior comúns. Segundo Griffith, en lugar de seguir coa “fracasada” política autonomista, o movemento nacionalista irlandés debía imitar o exemplo húngaro, lanzando unha campaña de resistencia pasiva contra as autoridades británicas e absténdose de enviar deputados a Westminster ata que Londres se vise obrigada a aceptar as súas demandas, disolvendo a Unión e creando unha monarquía dual “hiberno-británica”. Posteriormente, esta proposta sería desenvolta en maior detalle na chamada “Política de *Sinn Féin*”, que prevía a creación dun Estado paralelo á administración

---

<sup>6</sup> McGee, O. (2015). *Arthur Griffith*. Merrion Press, pp. 16-17.

<sup>7</sup> Griffith, A. (1918). *The Resurrection of Hungary: A Parallel for Ireland*. (3ª edición). Wheland and Son, p. XIII.

oficial mentres non se acadase a independencia, cos distintos órganos locais rexeitando a autoridade británica e recoñecendo no seu lugar a un “Consello dos 300” composto por membros dos Consellos dos condados e outras institucións irlandesas, que actuarían *de facto* como un Parlamento nacional<sup>8</sup>.

A base desta política foi presentada por primeira vez o 28 de novembro de 1905, na Primeira Convención Anual do Consello Nacional<sup>9</sup>, órgano creado por Griffith dous anos antes. Aínda que o propio Griffith desexaba que se mantivese como un movemento apolítico que promocionase o seu ideario a todo o espectro do nacionalismo irlandés, a maioría dos membros mostráronse a favor de convertelo nun xenuíno partido, participando nas eleccións locais de 1905 baixo o programa da política de Sinn Féin<sup>10</sup> e creando novas seccións fóra de Dublín. En retrospectiva, esta convención sería considerada a data de fundación da “Organización Sinn Féin” ou soamente “Sinn Féin”, se ben non adquiriu ese nome ata a fusión en 1907 do Consello Nacional coa Liga Sinn Féin do militante da IRB Bulmer Hobson<sup>11</sup>.

A pesar das diferencias entre o monarquismo de Griffith e os ideais republicanos traídos por Hobson e pola infiltración no movemento da IRB, buscouse manter unha fronte común, centrándose na “restauración da soberanía irlandesa” seguindo a estratexia da política de Sinn Féin, e evitando mencionar o divisorio tema da “república”<sup>12</sup>. O partido logrou algúns éxitos modestos, como a obtención de doce concelleiros na corporación municipal de Dublín en 1908 ou a creación de seccións no resto da illa, aínda que con escaso éxito<sup>13</sup>. A súa principal fazaña nesta etapa foi gañar o apoio do deputado do IPP pola circunscrición de Leitrim Norte, C.J. Dolan, que en 1907

---

<sup>8</sup> Griffith, A. (1918), pp. 160-162.

<sup>9</sup> Griffith, A. (1918), p. 139.

<sup>10</sup> Consello Nacional (1905). *Address from the National Council to the Electors for the Triennial Elections of County and District Councils, and Urban Poor Law Guardians*. National Library of Ireland, D145 [Item 81].

<sup>11</sup> Haglund, D. G., e Korkut, U. (2015). Going Against the Flow: Sinn Féin’s Unusual Hungarian “Roots.” *The International History Review*, 37(1), p. 42.

<sup>12</sup> Laffan, M. (1999), p. 25.

<sup>13</sup> Feeney, B. (2002), pp. 68-69.

renunciou ao seu posto en Westminster e buscou a reelección cunha plataforma abstencionista, deixando vacante o seu escano como símbolo da ilexitimidade do dominio británico sobre Irlanda. A elección parcial de Leitrim de 1908 saldouse na derrota de Dolan e do Sinn Féin fronte ao IPP, conseguindo só un 27% dos votos, aínda que Griffith mostrouse satisfeito co resultado, argumentando que os parlamentaristas contaran co apoio estratéxico do voto unionista para facer fronte ao “auténtico partido nacionalista”<sup>14</sup>.

A pesar deste optimismo, a fortuna do partido decaeu pouco despois. En 1909 o Sinn Féin aseguraba contar con 128 seccións locais en toda Irlanda, aínda que unha terceira parte delas non cumpriran con ningunha das súas obrigas financeiras, e só 581 membros pagaran a súa subscrición anual<sup>15</sup>. O xornal de Griffith e voceiro do partido, *Sinn Féin* (que substituíra ao *United Irishman* en 1906), lograra unha tirada de 64.515 vendas semanais en setembro de 1909, mais caera a 29.961 en xaneiro de 1910<sup>16</sup>. Seis anos despois, en vésperas do Alzamento de Pascua, a única sección cun módico de actividade era a de Dublín, pouco máis que un complemento da labor de propaganda nacionalista do novo xornal de Griffith, *Nationality*<sup>17</sup>.

Afortunadamente, aínda que no momento ninguén o podía prever, a Crise do *Home Rule* plantou as bases para a resurrección do partido. Griffith apoiou a formación dos Voluntarios Irlandeses, véndoos como un exemplo da iniciativa do nacionalismo irlandés<sup>18</sup>, e os membros do Sinn Féin de Dublín foron dos primeiros en participar nas reunións que darían paso ao establecemento da milicia<sup>19</sup>. Así mesmo, cando esta se

---

<sup>14</sup> Feeney, B. (2002), p. 67.

<sup>15</sup> O Broin, A. (28 de agosto de 1909). An Cúigead Árd-Comhairle de Sinn Féin Árus Cátroc Baile Áta Cliat. *Sinn Féin*. Irish Newspapers Archive.

Gustaríame mostrar o meu agradecemento a Sorcha Ní Riordain pola súa axuda á hora de obter exemplares de xornais do INA.

<sup>16</sup> Laffan, M. (1999), p. 30.

<sup>17</sup> Coquelin, O. (2017). 1917: une année charnière dans la révolution irlandaise. *Cahiers d'histoire. Revue d'histoire critique*, 137, pp. 91-105.

<sup>18</sup> Griffith, A. (20 de decembro de 1913). The Volunteers. *Sinn Féin*. INA.

<sup>19</sup> Carta de MacNeill, E., a Casement, R. (25 de novembro de 1913). NLI, MS 36,203/2/3, pp. 4-5.

dividiu ao comezo da Primeira Guerra Mundial, o apoio provisto polo Sinn Féin aos Voluntarios que se opuxeran ao chamamento de John Redmond valeulles a estes o alcume de “*Sinn Feiners*”, empregado tanto polo público como polas autoridades<sup>20</sup>. Desta maneira, aínda que en realidade as dúas organizacións estaban separadas, estableceuse un vínculo entre ambas que tería grandes consecuencias para o futuro.

### **3. O SINN FÉIN REVOLUCIONARIO**

O 24 de abril de 1916, luns de Pascua, varias unidades dos Voluntarios Irlandeses, o socialista Exército Cidadán Irlandés e a organización paramilitar feminina Cumman na mBan tomaron o control de posicións estratéxicas en Dublín e proclamaron o establecemento dunha República Irlandesa. A rebelión, organizada ás costas de Eoin MacNeill por integrantes da IRB como Patrick Pearse, fracasou prematuramente no resto do país, pero os rebeldes dublineses lograron resistir durante case unha semana ao contraataque británico. A inapropiada reacción das autoridades foi o catalizador para que os ideais separatistas e republicanos se popularizaran entre o común da poboación, da man dun actor imprevisto: o Sinn Féin.

#### **3.1. As consecuencias do Alzamento de Pascua**

Entre os sublevados de 1916 atopábanse algúns membros do Sinn Féin afiliados ás milicias, como o concelleiro dublinés W.T. Cosgrave ou a condesa Constance Markievicz, pero os conspiradores mantiveron a Griffith á marxe dos seus plans, e o propio estado moribundo do partido fixo imposible que se sumase á lista de organizacións rebeldes<sup>21</sup>. Isto non impediu que a formación fose asociada inmediatamente coa rebelión: no seu diario, o dublinés James Stephens escribiu que se decatou do inicio do Alzamento cando un viandante díxolle que “os de Sinn Féin tomaron a cidade esta mañá”<sup>22</sup>, e na súa reportaxe especial publicada uns días despois, o

---

<sup>20</sup> Carta de Nathan, M., a Lough, T. (10 de febreiro de 1915). NLI, MS 15,209/3/1.

<sup>21</sup> McGee, O. (2015). *Arthur Griffith*. Merrion Press, pp. 152, 161-162.

<sup>22</sup> Stephens, J. (2019). *La insurrección en Dublín*. Marge Books, p. 31.

popular xornal *Weekly Irish Times* daba conta da “Rebelión Sinn Fein en Irlanda”<sup>23</sup>. En consecuencia, unha vez os revoltosos foron derrotados, Griffith foi arrestado a pesar de non ter participado nel, xunto con outros 3.400 sospeitosos entre auténticos partícipes, Voluntarios que non se rebelaran, sindicalistas, simpatizantes e inocentes que soamente aparecían en obsoletos informes policiais polo seu “nacionalismo radical”<sup>24</sup>.

Aínda que a maioría foron liberados un mes despois<sup>25</sup>, a maneira irregular na que se levaran a cabo os arrestos, os abusos contra civís cometidos polas tropas británicas e a decisión de xulgar e executar aos líderes da rebelión en secreto convulsionaron á opinión pública. Pasouse de rexeitar aos rebeldes “*Sinn Feiners*” a simpatizar con eles, convertendo aos executados en “mártires” e aos arrestados en “patriotas”; o propio xeneral Maxwell, comandante en xefe das tropas británicas en Irlanda, avisou en xuño de 1916 de como “[o público] agora pensa que Sinn Feinismo e patriotismo irlandés son sinónimos”, e que “hai moitos en Irlanda que consideran á organización Sinn Fein como [o movemento] a seguir, porque fixo, na súa opinión, máis por Irlanda que Mr. Redmond e o Partido Constitucional [o IPP]”<sup>26</sup>.

Como consecuencia, a popularidade do Sinn Féin estourou en paralelo á dos Voluntarios Irlandeses, especialmente entre a poboación nova, tanto masculina como feminina. Criados no seo dun Renacemento Gaélico que rexeitaba todo o inglés, sen acceso á tradicional saída da emigración por mor das restricións bélicas, e (no caso dos homes) reticentes a alistarse no exército e morrer por Gran Bretaña na Fronte Occidental<sup>27</sup>, a xuventude optou crecentemente por unirse aos Voluntarios e a Cumman na mBan segundo o seu sexo, e veu no Sinn Féin a expresión dos seus ideais políticos. Non obstante, con Griffith, Cosgrave, Markievicz e outros membros destacados entre

---

<sup>23</sup> Anónimo. (13 de maio de 1916). SINN FEIN REBELLION IN IRELAND. *Weekly Irish Times*. INA.

<sup>24</sup> Laffan, M. (1999). Op. Cit., pp. 53-54.

<sup>25</sup> Ídem.

<sup>26</sup> Maxwell, J.G. (24 de xuño de 1916). *Report on State of Ireland Since the Rebellion*. NLI, MS 50,610/9. Tradución do autor.

<sup>27</sup> Augusteijn, J. (2002). Motivation: Why did they Fight for Ireland? The Motivation of Volunteers in the Revolution. En Augusteijn, J. (Ed.), *The Irish Revolution, 1913-1923* (pp. 112-115). Palgrave.

rexas, o partido carecía da dirección necesaria para aproveitar a súa súbita popularidade, debendo esperar aínda uns meses para sacar proveito desta nova oportunidade.

Polo tanto, os principais desenvolvementos políticos de 1916 continuaron ocorrendo á marxe do Sinn Féin, aínda que en última instancia redundarían no seu favor. Por un lado, as asociacións de axuda aos prisioneiros e ás súas familias, como a *Irish National Aid Association* e a *Volunteer Dependents' Fund*, moldearon a memoria da rebelión a través da venda de bandeiras republicanas, insignias de luto e fotografías dos rebeldes para obter fondos, actuando como propagandistas dos *Sinn Feiners*<sup>28</sup>. Por outro, o desprestixio do Partido Parlamentario Irlandés a ollos dos nacionalistas creceu aínda máis cando, no curso dunha nova ronda de negociacións en torno ao *Home Rule*, os seus dirixentes aceptaron a exclusión dos seis condados unionistas nunha futura Irlanda autónoma. A medida, vista como un plan inglés para “dividir o país”, foi obxecto de duras críticas non só por parte dos radicais, senón tamén dos nacionalistas moderados e da Igrexa católica, e debilitou aínda máis a lexitimidade do IPP e da estratexia parlamentaria. Finalmente, outro fenómeno destacable foi o internamento de moitos dos nacionalistas aínda presos nas mesmas instalacións en Gran Bretaña, permitíndolles intercambiar opinións, difundir o ideario republicano e separatista dos rebeldes e establecer redes de relacións entre eles.

### **3.2. A resurrección do Sinn Féin**

A liberación de Griffith no Nadal de 1916 devolveulle ó partido o dinamismo que precisaba para consolidarse como plataforma común do nacionalismo radical. A súa primeira gran oportunidade xurdiu co falecemento do deputado pola circunscrición de Roscommon Norte, facendo necesaria unha elección parcial para ocupar a vacante en febreiro de 1917, na que o Sinn Féin participou coa candidatura do conde George Plunkett, pai de Joseph Plunkett, un dos líderes executados do Alzamento de Pascua. Presentándose como un voto de protesta, Plunkett gañou as eleccións fronte ao candidato do IPP, inaugurando na práctica a política abstencionista do partido ao

---

<sup>28</sup> Dháibhéid, C. N. (2012). THE IRISH NATIONAL AID ASSOCIATION AND THE RADICALIZATION OF PUBLIC OPINION IN IRELAND, 1916—1918. *The Historical Journal*, 55 (3), pp. 712, 728.

negarse a coller o seu asento en Westminster. Aínda que a súa vitoria foi en gran parte grazas á súa condición de pai dun mártir nacionalista e polo desgaste do IPP, tamén se beneficiou dunha vigorosa e ben organizada campaña electoral, que contrastaba coa molície dos parlamentarios e a ineficiencia da súa maquinaria electoral tras anos sen un contrincante serio fóra do Ulster<sup>29</sup>. Tres vitorias máis, nos comicios parciais de Longford Sur en maio, Clare Leste en xullo e Kilkenny en agosto, pareceron confirmar o éxito da combinación de boa organización e voto de protesta, sendo elixidos deputados polo Sinn Féin Joseph McGuinness, Éamon de Valera e W.T. Cosgrave respectivamente, todos Voluntarios aínda presos; pouco importaba que os dous primeiros nin eran membros do partido nin desexaban ser candidatos, por temor a que unha derrota nas urnas desprestixiase o proxecto separatista<sup>30</sup>.

As vitorias nas eleccións parciais de 1917 non só disiparon eses temores, senón que afianzaron ao Sinn Féin como unha forza política a ter en conta, á vez que proviron ao partido de valiosa experiencia na loita electoral. Non obstante, aínda non contaba cunha plataforma clara máis alá do independentismo e da oposición ao goberno británico e ao moderantismo do IPP: os republicanos desconfiaban do monarquismo dual proposto por Griffith, e o feito de que o Alzamento de Pascua proclamara unha “república” deixaba ao partido e á súa “solución húngara” nun lugar incómodo para moitos dos novos socios, especialmente a aqueles que proviñan das filas dos Voluntarios e da IRB; este sería o caso de Michael Collins, que acadaría gran relevancia pola súa eficaz labor como Director de Intelixencia da milicia.

O conde Plunkett, á cabeza destes radicais, intentou buscar unha solución presidindo a convención de Mansion House, en Dublín, o 19 de abril de 1917, pero o seu intento de crear unha nova organización baixo o seu control, a *Liberty League*, fracasou. Cando intentou de todos modos promover a creación de “*Liberty Clubs*” como alternativa ás seccións locais do Sinn Féin, a resposta maioritaria dos seus simpatizantes

---

<sup>29</sup> Feeney, B. (2002), pp. 81-83.

<sup>30</sup> Fanning, R. (2016). 1917: The Metamorphosis of Éamon de Valera. *Studies: An Irish Quarterly Review*, 105 (417), p. 25.

foi unha de confusión acerca da diferenza entre as dúas<sup>31</sup>, de preferencia polo Sinn Féin pola súa maior antigüidade<sup>32</sup>, ou incluso de aberta hostilidade contra calquera que intentase suplantalo<sup>33</sup>.

A reorganización do Sinn Féin non se produciu ata a convención do partido, ou *Ard Fheis*, de outubro de 1917. Éamon de Valera, un veterano do Alzamento de Pascua cunha boa educación, dotes retóricas e gran ambición, convertérase nunha das principais figuras do movemento despois da súa liberación e da súa elección en Clare Leste, e logrou o apoio privado de Griffith para sucedelo na presidencia do partido. Ante unha reunión de 2.000 delegados, de Valera foi elixido como novo presidente, e xunto coa súa designación de dirixente dos Voluntarios Irlandeses, converteuse no líder das ramas política e militar do nacionalismo radical irlandés. Así mesmo, elaborouse un novo organigrama, que establecía como autoridade suprema á reunión anual no *Ard Fheis* dos delegados das seccións locais, pero deixaba a dirección do partido nun Consello Executivo presidido por de Valera<sup>34</sup>. Finalmente, redactouse unha constitución do partido na que, ademais de propor toda unha serie de medidas inspiradas na “política Sinn Féin” de Griffith para preparar o terreo para un Estado independente, chegouse a un compromiso sobre a futura forma de goberno: tras lograr o recoñecemento internacional dunha “república irlandesa independente”, celebraríase un referendo no que o pobo irlandés podería decidir se optar pola república ou por unha monarquía<sup>35</sup>.

### **3.3. O segundo Sinn Féin: xeografía, ideoloxía, socioloxía**

Despois da reorganización de 1917, o Sinn Féin parecía estar ben disposto para converterse na primeira forza nacionalista de Irlanda; en menos de dous anos pasara de estar ao borde da desaparición a contar, o 7 de decembro de 1917, un total de 1.240

---

<sup>31</sup> Carta de Casey, P. a Plunkett, G. (22 de maio de 1917). NLI, MS 11,383/6/8.

<sup>32</sup> Carta de Darragh, P. a Plunkett, G. (23 de maio de 1917).. NLI, MS 11,383/8/10.

<sup>33</sup> Carta de Hegarty, O. a Plunkett, G. (21 de maio de 1917). NLI, MS 11,383/5/15.

<sup>34</sup> Gaynor, P. (1997). Sinn Féin *Árd Fheis* of 1917: A North Tipperary Priest's Account. *Tipperary Historical Journal*, pp. 61-62.

<sup>35</sup> University College Cork. (22 de novembro de 2010). *The Constitution of Sinn Féin*. Art. 2.

clubs ou “*cumainn*” afiliados a el en toda a illa<sup>36</sup>. Aínda que non se conservan cifras precisas, calcúlase que cada club contiña de media un centenar de membros, polo que a inicios de 1918 o partido contaría con entre 120.000 e 130.000 afiliados<sup>37</sup>, dentro dunha poboación irlandesa total de 4,4 millóns de habitantes e un electorado de menos de 700.000 homes<sup>38</sup>. Non obstante, a súa distribución non era uniforme, sendo especialmente débil no Ulster tanto pola fortaleza e o acoso dos unionistas como pola diverxente traxectoria dos electores católico-nacionalistas, que preferían non adoptar posturas radicais que puidesen provocar unha partición, quedando eles como minoría dentro dun territorio unionista e protestante<sup>39</sup>. Pola contra, o partido era especialmente forte nas zonas rurais do resto de Irlanda, destacando rexións como o campo das provincias de Munster ao sur e Connacht ao oeste, cunha tradición de axitación agraria capaz de converterse en mobilización política da man do nacionalismo anglófono e da retórica agrarista adoptada polo Sinn Féin desde 1917<sup>40</sup>.

Fronte a súa intransixente postura nacionalista, a formación mostrouse máis flexible noutros aspectos, como as relacións de clase. Se ben se opoñía á loita de clases e defendía a necesidade da cooperación interclasista para continuar a loita pola independencia<sup>41</sup>, o Sinn Féin contou con algunhas correntes igualitaristas, colaborando con sindicatos como o *Irish Transport and General Workers' Union* e propugnando medidas como o “Programa Democrático”, adoptado en 1919 e que prometía a adopción de medidas sociais para garantir a igualdade de dereitos e oportunidades de todos os irlandeses. Máis complexa era a relación con grupos tradicionalmente ignorados polo

---

<sup>36</sup> Sinn Féin (1918). *Programme from the Sinn Féin Ard Fheis containing reports of officers and directors*. NLI, MS 8786/1/3, p. 3.

<sup>37</sup> Laffan, M. (1999), pp. 183-185.

<sup>38</sup> de Bromhead A, Fernihough A, Hargaden E. (2020) Representation of the People: Franchise Extension and the “Sinn Féin Election” in Ireland, 1918. *The Journal of Economic History*, 80 (3), pp. 886-925.

<sup>39</sup> Feeney, B. (2002), pp. 100-101, 111-112.

<sup>40</sup> Fitzpatrick, D. (1978). The Geography of Irish Nationalism 1910-1921. *Past & Present*, 78, pp. 130-133, 135-137.

<sup>41</sup> Kelly, T., Sheehy-Skeffington, H. (13 de setembro de 1919). *Dáil Eireann - Labour Department Notice of establishment of National Conciliation Board for the settlement of Labour disputes*. NLI, D146 [Item 102]

nacionalismo irlandés, como as mulleres ou os protestantes: no caso das primeiras, o Sinn Féin destacou polo seu apoio oficial á igualdade política da muller, defendendo o sufraxio feminino e contado cun destacado aporte feminino (por exemplo, foi o único partido en Irlanda que presentou candidatas nas eleccións de 1918), pero seguía sendo moi minoritario e, por norma xeral, eran vistas como meras “auxiliares” na loita independentista<sup>42</sup>. Respecto aos segundos, se ben o Sinn Féin intentou presentarse como representante de todos os irlandeses, sen importar a relixión, as liñas sectarias entre nacionalismo e unionismo eran demasiado profundas, e o destacado papel de moitos sacerdotes católicos tanto na dirección como entre as bases rurais non inspiraba confianza<sup>43</sup>

No respectivo á súa relación directa co común da poboación, as seccións locais Sinn Féin organizábanse xeralmente en paralelo ás súas contrapartes dos Voluntarios Irlandeses e de Cumman na mBan, cos homes sendo a miúdo membros tanto do partido como dos Voluntarios e as mulleres uníndose á organización feminina, ata o punto de que esta era confundida con “*clubs Sinn Féin para mulleres*”, para o desgusto das súas dirixentes<sup>44</sup>. Estes órganos locais constituían os cimentos da formación, cumprindo tarefas propagandísticas e electorais para a súa veciñanza e formando a principal fonte de financiación, mediante pagos de taxas, subscricións dos socios e organización de actividades de recolección de fondos (bailes, concertos, competicións deportivas...). Así mesmo, a coordinación das seccións locais permitía a realización de numerosas iniciativas que ían máis alá da mera política, buscando organizar á totalidade da sociedade civil irlandesa mediante proxectos como a creación de reservas de alimentos

---

<sup>42</sup> Ward, M. (2002). Gender: Gendering the Irish Revolution. En Augusteijn, J. (Ed.), *The Irish Revolution, 1913-1923* (pp. 168-178). Palgrave.

<sup>43</sup> Inoue, K. (1998). Sinn Féin Propaganda and the “Partition Election”, 1921. *Studia Hibernica*, 30, pp. 58-60.

<sup>44</sup> Cumman na mBan (1918). *Minutes of the Cumann na mBan convention*. NLI, MS 41,494/1/2, p. 2.

en caso de desabastecemento por mor do conflito mundial<sup>45</sup>, ou campañas de saúde pública para concienciar sobre a ameaza da sífilis traída polos soldados retornados<sup>46</sup>.

### **3.4. 1918: crise, oportunidade e vitoria**

A pesar dos grandes avances acadados, tres derrotas electorais ante o IPP rebaixaron os ánimos da organización. Se ben os comicios parciais de Armagh Sur en febreiro, Waterford en marzo e Tyrone Leste en abril non eran representativos do común da illa (Armagh e Tyrone atópanse no Ulster, onde o Sinn Féin era máis débil, mentres que Waterford era un núcleo duro do IPP), si que mostraron que o partido aínda non era completamente hexemónico. As vitorias en eleccións parciais posteriores (Tullamore en abril e Cavan Leste en xuño) axudaron a recuperar a confianza, pero foron dúas crises propiciadas polas autoridades británicas as que permitirían ao Sinn Féin converterse nun auténtico movemento de masas.

A primeira foi o intento de impoñer o recrutamento obrigatorio en Irlanda, ata entón eximida del para non avivar as tensións políticas. Non obstante, a necesidade de efectivos para contrarrestar a Ofensiva de Primavera alemá levou ao goberno do primeiro ministro Lloyd George a propor a introdución desta medida en abril, provocando unha reacción unánime de rexeitamento de todos os sectores da poboación irlandesa, agás os unionistas. O IPP e o Sinn Féin accederon a colaborar para evitar a imposición do recrutamento, e xunto con representantes da Igrexa Católica irlandesa, nacionalistas independentes e o movemento obreiro, convocaron unha conferencia en Mansion House para liderar as protestas. Mobilizouse á práctica totalidade da Irlanda nacionalista, con centos de miles de persoas asinando un “xuramento anti-recrutamento”, á vez que os sacerdotes denunciaban a medida nos seus sermóns e os sindicatos celebraban a primeira folga xeral da historia de illa<sup>47</sup>. Ao final, o goberno retirou a proposta en xuño, pero o dano á súa reputación entre os nacionalistas

---

<sup>45</sup> de Valera, E. (19 de novembro de 1917). *Circular letter regarding food supplies in Ireland*. NLI, MS 8786/1/2.

<sup>46</sup> Lynn, K., Hayes, R. (febreiro de 1918). *Public Health circulars*. NLI, D146 [Item 45].

<sup>47</sup> O'Connor, E. (2005). The age of the red republic: the Irish left and nationalism, 1909-36. *Saothar*, 30, p. 76.

moderados estaba feito. De novo, foi o Sinn Féin quen recadou o maior rédito político: a súa postura contraria á calquera participación irlandesa desde o comezo da guerra contrastaba co apoio inicial do IPP ao recrutamento voluntario, e a abstención de Westminster dos deputados do Partido Parlamentario como símbolo de protesta parecía demostrar a inutilidade da participación parlamentaria para protexer os “intereses da nación irlandesa”<sup>48</sup>.

A segunda crise produciuse cando se detivo a un desertor irlandés que chegara á illa nun submarino alemán, coa orde de poñerse en contacto cos separatistas para negociar a provisión de axuda militar. Aínda que non tiña relación ningunha co Sinn Féin, a administración británica en Irlanda empregouno como escusa para arrestar aos seus líderes, baixo a acusación de colaborar co inimigo no chamado “Complot Alemán”. Non obstante, o que debía ser unha maneira de descabezar á formación truncouse cando a rede de informantes de Michael Collins preveu á dirección do partido do plan, dándolles tempo para organizar un novo mando substituto antes de que seus membros se deixasen arrestar en masa, buscando causar o maior impacto posible na opinión pública. A treta foi un éxito, e o seu arresto<sup>49</sup> só os converteu, a ollos da opinión pública, en mártires da causa nacionalista, o que foi empeorado pola incapacidade das autoridades de prover probas da súa suposta “colaboración” cos alemáns. Aínda que a nova dirección interina tivo que lidar cos problemas organizativos xurdidos á raíz dos arrestos e da represión policial<sup>50</sup>, o “Complot Alemán” saldárase nunha rotunda vitoria propagandística para o Sinn Féin<sup>51</sup>.

A fin da Primeira Guerra Mundial en novembro e a celebración de eleccións xerais no Reino Unido en decembro, atoparon ao Sinn Féin no seu mellor momento: as crises dos anteriores meses propulsaran ao partido ata un máximo histórico de popularidade,

---

<sup>48</sup> Feeney, B. (2002), pp. 128-129.

<sup>49</sup> Anónimo. (1918). Arrest of Irish Plotters: Sixty-nine Sinn Fein Members Imprisoned for Treasonable Relations With the Enemy. *Current History (1916-1940)*, 8 (1), pp. 88-90.

<sup>50</sup> Sinn Féin (1918). *Programme from the Sinn Féin Ard Fheis containing reports of officers and directors*. NLI, MS 8786/1/3, pp. 3-4.

<sup>51</sup> Laffan, M. (1999), pp. 147-148.

contando 1.698 clubes en toda Irlanda no momento da celebración do seu *Ard Fheis* en novembro<sup>52</sup>. A simpatía despertada pola súa loita contra o recrutamento e a represión sufrida popularizara os seus ideais, e a persecución á que era sometido parecía referendar a opinión de que era o "auténtico" partido nacionalista, fronte ao "colaboracionismo" do IPP. Así mesmo, a ampliación do sufraxio a todos os homes maiores de 21 anos e ás mulleres maiores de 30 que cumprisen certos requisitos de propiedade, aumentando o electorado irlandés a 1,9 millóns de persoas, deu maiores esperanzas ao Sinn Féin, que atopaba os seus principais simpatizantes entre a xuventude ata entón excluída do voto<sup>53</sup>. Finalmente, a decisión do Partido Laborista Irlandés de non participar nas eleccións e permitir que a cuestión nacional fose o centro da campaña electoral evitou a división do voto obreiro, convertendo o evento nun referendo de autodeterminación *de facto*<sup>54</sup>. Fóra dos feudos unionistas, a elección sería unha entre o constitucionalismo e o autonomismo do IPP, ou o radicalismo e o separatismo do Sinn Féin.

As eleccións xerais do 14 de decembro de 1918 marcaron un antes e un despois na historia de Irlanda. Do total de 105 escanos asignados a Irlanda en Westminster, o Sinn Féin gañou 73, dos que 69 representaban a práctica totalidade das circunscricións fóra dos seis condados unionistas; no territorio que conformaría o futuro Estado irlandés, só perdeu en Waterford ante o IPP e nos baluartes do unionismo dublinés, Rathmines e Trinity College. Os propios unionistas obtiveron 26 deputados, mentres que o outrora poderoso Partido Parlamentario Irlandés quedou reducido a 6. A taxa de participación (68% do electorado) e a análise da porcentaxe total de votos recibidos (46,9% o Sinn Féin, 28,5% os unionistas e 21,7% o IPP) matizan estes resultados e mostran como os radicais beneficiáronse do sistema *first-past-the-post*, pero a súa vez débese ter en conta

---

<sup>52</sup> Sinn Féin (1918). *Programme from the Sinn Féin Ard Fheis containing reports of officers and directors*. NLI, MS 8786/1/3, p. 3.

<sup>53</sup> de Bromhead A, Fernihough A, Hargaden E. (2020) Representation of the People: Franchise Extension and the "Sinn Féin Election" in Ireland, 1918. *The Journal of Economic History*, 80 (3), pp. 886-925.

<sup>54</sup> O'Connor, E. (2005). The age of the red republic: the Irish left and nationalism, 1909-36. *Saothar*, 30, p. 77.

o predominio de unionistas e parlamentarios entre o electorado do Ulster, que alteran as estatísticas a nivel pan-irlandés en detrimento do Sinn Féin<sup>55</sup>.

Aínda que as particularidades do sistema electoral británico permitiron esaxerar o seu éxito, o partido que parecía a piques de desaparecer menos de dous anos antes convertérase na primeira forza política da illa, e esta abrumadora vitoria deulles aos seus membros a lexitimidade democrática que precisaban para pasar á seguinte fase do proxecto separatista.

### **3.5. O Sinn Féin na Guerra de Independencia**

Seguindo a pauta marcada por Griffith na súa vella “política Sinn Féin”, os deputados do partido que non estaban xa presos rexeitaron ocupar os seus asentos en Westminster, repudiaron a Unión con Gran Bretaña e declaráronse a si mesmos como representantes electos do novo Parlamento da República Irlandesa, o *Dáil Éireann*, convido por primeira vez o 21 de xaneiro de 1919 e con de Valera como o seu presidente. A casualidade quixo que, o mesmo día, unha brigada dos Voluntarios Irlandeses asasinasen nunha emboscada no condado de Tipperary, a dous policía. Aínda que a violencia política viñera escalando nos últimos anos a medida que aumentaban as tensións entre os nacionalistas radicais e as forzas da orde<sup>56</sup>, a “Emboscada de Soloheadbeg” foi tomada posteriormente como data de inicio da Guerra Anglo-Irlandesa, ou Guerra de Independencia de Irlanda.

Durante os dous anos e medio que durou o conflito, a loita política do Sinn Féin quedou relegada a un segundo plano, sendo substituída pola loita militar entre as forzas británicas (a policía, o exército, os tristemente célebres auxiliares dos *Black and Tans*) e os Voluntarios - que dende entón adoptarían o nome de “Exército Republicano Irlandés” (*Irish Republican Army, IRA*) - . O intento de apelar ao coetáneo espírito wilsoniano da autodeterminación dos pobos, buscando presentar o caso de Irlanda ante a Conferencia de Paz de París e lograr a independencia pola vía pacífica do recoñecemento

---

<sup>55</sup> Laffan, M. (1999), pp. 162-168.

<sup>56</sup> Hart, P. (1997). The Geography of Revolution in Ireland 1917-1923. *Past & Present*, 155, pp. 146-147, 150.

internacional, non obtivo resultados. O goberno francés non permitiu a participación dunha delegación irlandesa, e a opinión dos estadounidenses era que Irlanda xa formaba parte dun Estado democrático e que non precisaba de autodeterminación<sup>57</sup>, deixando a loita armada como a única vía aparente para lograr a independencia. Así mesmo, a inicial indiferenza das autoridades británicas cara a formación do Dáil, considerado un “*fenómeno temporal que perdería apoio rapidamente ante un goberno firme*”<sup>58</sup>, trocouse nunha campaña represiva aínda maior que as anteriores ao equiparar os actos do Sinn Féin, do Dáil e do IRA, culminando coa ilegalización do Parlamento irlandés en setembro de 1919 e do partido en novembro dese mesmo ano. Os membros oficiais da formación e a súa dirección foron detidos ou obrigados a darse á fuga, e o Sinn Féin refuxiouse na clandestinidade, practicamente paralizandoo a súa estrutura organizativa a escala nacional para evitar chamar a atención.

O principal rol do movemento durante a Guerra de Independencia foi o de organización de apoio para o IRA e o Dáil. No primeiro caso, as seccións locais do Sinn Féin proveron aos insurxentes cunha extensa rede de simpatizantes que lles ofrecían o refuxio, as subministracións e a información necesaria para continuar a súa guerra de guerrillas contra as forzas británicas, chegando a tomar o control facticio de boa parte do rural irlandés, especialmente no oeste da illa. No segundo, o Dáil buscou distanciarse da súa orixe partidista e comezar a construción dunha administración estatal irlandesa que pretendía ser “politicamente neutral”, mentres que o partido en si actuaría como a “*maquinaria para executar as ordes do Dáil Éireann*”<sup>59</sup>. Na práctica, isto significaba que as mesmas seccións locais tamén serían os cimentos sobre os que establecer a organización burocrática dunha nova administración irlandesa, que buscaba substituír ao seu “ilexítimo” homólogo británico seguindo o modelo elaborado por Griffith<sup>60</sup>. O caso

---

<sup>57</sup> Ranger, P. (2011). The World in Paris and Ireland too: The French Diplomacy of Sinn Féin, 1919-1921. *Études irlandaises*, 36 (2), pp. 39-57.

<sup>58</sup> O’Halpin, E. (1984), British intelligence in Ireland, 1914-1921, en Andrew, C. e Dilks, D. (eds.), *The missing dimension: governments and intelligence in the twentieth century*, Macmillan, pp. 69-70.

<sup>59</sup> Sinn Féin (8 de abril de 1919). *Report from the Sinn Féin extraordinary Ard Fheis*. NLI, MS 8786/1/18.

<sup>60</sup> Mitchell, A. (2002). Alternative Government: “Exit Britannia” – the Formation of the Irish National State, 1918-1921. En Augusteijn, J. (Ed.), *The Irish Revolution, 1913-1923*(pp. 75-77). Palgrave.

máis paradigmático foi o das “Cortes Republicanas” ou “Cortes de Arbitraje”, tribunais que ofrecían un foro alternativo ao sistema xudicial británico nas áreas rurais onde a súa autoridade practicamente desaparecera. Tomando decisións en base á lexislación do Dáil e co apoio do IRA para executalas, foi unha das maiores vitorias propagandísticas para os separatistas, arbitrando de maneira exitosa conflitos agrarios e incluso sendo empregado por individuos polo demais opostos aos ideais separatistas, como no caso de terratenentes unionistas<sup>61</sup>.

Coa burocracia clandestina do Dáil encargándose desta administración paralela, a actividade do Sinn Féin quedou, polo tanto, confinada principalmente ao “[...] *traballo de Organización, Eleccións e Propaganda*”<sup>62</sup>, mantendo o apoio popular da causa nacionalista e ampliando as bases sobre as que construír o novo Estado irlandés. Seguindo esta liña, as seccións reactiváronse en anticipación das eleccións locais de 1920; pese á súa ilegalidade, á falta de coordinación central por mor da represión (que obrigou a cada club a desenvolver a súa estratexia electoral por separado), a introdución do sistema de representación proporcional polo goberno británico (coa esperanza de evitar unha repetición do triunfo separatista en 1918), e a participación do Partido Laborista Irlandés<sup>63</sup>, 550 candidatos afiliados co Sinn Féin foron elixidos concelleiros. Novamente, os separatistas eran o partido máis votado, seguido polos laboristas (394 concelleiros, fundamentalmente nas cidades), os unionistas (355, case todos concentrados no Ulster) e o IPP (238, tamén no Ulster)<sup>64</sup>. Os concellos dos condados onde o Sinn Féin obtivera a maioría, ben por xenuíno apoio, ben polo traballo de intimidación do IRA, procederon a recoñecer unicamente a autoridade do Dáil, acrecentando a crise da autoridade británica.

---

<sup>61</sup> Brayden, W. H., e Sullivan, A.M. (1920). SINN FEIN COURTS IN OPERATION. *American Bar Association Journal*, 6 (4), pp. 8–10.

<sup>62</sup> Sinn Féin (16 de outubro de 1919). *Circular reports of officers and directors from the twelfth annual Ard Fheis*. NLI, MS 8786/1/16, p. 1. Tradución do autor.

<sup>63</sup> Laffan, M. (1999), pp 324-325.

<sup>64</sup> McCabe, C. (2010). The Irish Labour Party and the 1920 local elections. *Saothar*, 35, p. 16.

No mesmo ano, o goberno de Lloyd George, ansioso de poñer fin ao problema irlandés, logrou a aprobación da “Acta de Goberno de Irlanda”, que intentou cumprir á vez as promesas de *Home Rule* e as demandas unionistas de non ser incluídos nel mediante a creación de dous parlamentos autónomos, un para os seis condados unionistas e outro para o resto da illa. Novamente, a medida británica só serviu para espertar a indignación da maior parte da poboación, co movemento nacionalista criticando duramente a “partición de Irlanda”. Nas eleccións de maio de 1921 para o parlamento do sur, o Sinn Féin desfrutou novamente da complicidade do Partido Laborista, que unha vez máis optou por non presentarse, mentres que o IPP e os unionistas, desmoralizados e temerosos das represalias do IRA, retiráronse da competición. Polo tanto, dos 128 escanos disputados, o Sinn Féin obtivo 124 sen oposición, e a pesar de que 47 deputados estivesen no cárcere, 52 fosen buscados pola policía e que os restantes non se puidesen reunir para non chamar a atención das autoridades, rexeitaron novamente a lexitimidade británica e conviñeron formalmente o “Segundo Dáil”.<sup>65</sup>

Coa vitoria no sur practicamente asegurada, o Sinn Féin decidiu centrar as súas enerxías nos comicios paralelos para o parlamento do norte, buscando superar a súa tradicional debilidade na rexión. Establecendo unha alianza estratéxica cos restos do IPP para lograr unha maioría nacionalista que obstaculizase a división da illa, o Sinn Féin esforzouse en mobilizar ao electorado nacionalista e incluso superar a división sectaria e apelar aos protestantes, acusando aos unionistas de ser manipulados por intereses británicos para dividir aos irlandeses. Non obstante, a pesar da enerxía gastada e dunha elevada participación do 89% do electorado, os 40 candidatos unionistas presentados obtiveron escano, mentres que o IPP e o Sinn Féin só conseguiron 6 deputados cada un, en parte debido ao acoso das autoridades e dos paramilitares unionistas e en parte pola incapacidade de convencer á poboación protestante<sup>66</sup>.

---

<sup>65</sup> Laffan, M. (1999), pp. 336-339.

<sup>66</sup> Inoue, K. (1998). Sinn Féin Propaganda and the “Partition Election”, 1921. *Studia Hibernica*, 30, pp. 53-58.

## 4. O SINN FÉIN EN CRISE

A Guerra de Independencia finalizou cunha tregua o 11 de xullo de 1921, tras dous anos de lei marcial, guerra de guerrillas, abusos militares e devastación económica. Co Reino Unido exhausto tras catro anos de guerra mundial e dous de contrainsurxencia, e moitos líderes irlandeses conscientes da imposibilidade de derrotar definitivamente ao exército británico, abríronse negociacións de paz que culminaron co asinamento do Tratado Anglo-Irlandés o 6 de decembro de 1921. Desgraciadamente, a necesidade de sacrificar o ideal republicano para chegar a unha paz de compromiso sementou a disensión no seo do Sinn Féin, culminando en unha guerra civil e o inicio da fin do partido.

### 4.1. O Tratado e a Guerra Civil

O Tratado Anglo-Irlandés acordou a creación dun novo “Estado Libre Irlandés” con estatus de dominio, excluindo os seis condados da nova “Irlanda do Norte”, que permanecerían no Reino Unido. A Royal Navy mantería o control dalgúns portos estratéxicos, o xefe do Estado continuaría sendo o monarca británico (ironicamente cumprindo o antigo ideal de Griffith dunha monarquía dual), e os membros do Dáil deberían realizar un xuramento de fidelidade á Coroa<sup>67</sup>.

A oferta de paz e de autogoberno era atraínte para a maioría da sociedade irlandesa, pero a o sacrificio da República resultou ser moi controvertida entre os membros do Sinn Féin, e na votación dun Dáil unipartidista acerca da ratificación do Tratado o 7 de xaneiro de 1922, 64 deputados votaron a favor e 57 en contra, con de Valera dimitindo da presidencia en protesta<sup>68</sup>. A unidade do partido durante os anos de activismo separatista e de enfrontamento militar quebrouse, e comezou a xestarse un cisma no seu interior: por un lado, a facción “pro-Tratado”, liderada polos novos dirixentes do goberno provisional, Arthur Griffith e Michael Collins, consideraba ao acordo unha

---

<sup>67</sup> Irish Statute Book. (s.f.). *Constitution of the Irish Free State (Saorstát Eireann) Act, 1922*. Segundo anexo, arts. 1, 4, 7.

<sup>68</sup> Murphy, B.P. (2002). Nationalism: The Framing of the Constitution of the Irish Free State, 1922 – the Defining Battle for the Irish Republic. En Augusteijn, J. (Ed.), *The Irish Revolution, 1913-1923* (pp. 135-136). Palgrave.

medida pragmática, necesaria para acadar a paz desexada pola maioría dos irlandeses, e que lle outorgaba a Irlanda a independencia facticia, coa posibilidade de conseguir a tan ansiada república pan-hiberna nun futuro mediante a negociación; polo outro, a facción “anti-Tratado”, con Éamon de Valera á cabeza, vía o documento como unha traizón dos ideais de 1916 e do compromiso de 1917 de acadar unha república independente nunha Irlanda unida, e afirmaba que a partición e a continuada subordinación á Coroa británica ía en contra de todo o que o nacionalismo irlandés defendía. Precisamente a necesidade de realizar un xuramento de fidelidade ao monarca británico para participar no parlamento converteuse no símbolo do enfrontamento entre os “pragmatistas” e os “puristas”, entre “*Free Staters*” e “republicanos”.

O cisma fíxose plenamente patente no *Ard Fheis* de febreiro de 1922, onde se produciron intensos debates entre os delegados anti-Tratado, polo xeral aqueles provenientes do ambiente do IRA e de Cumman na mBan onde a loita pola República convertérase nun artigo de fe, e os pro-Tratado, usualmente orixinarios dun mundo civil que desexaba ante todo a paz. Non obstante, a temida ruptura non se produciu gracias a un acordo privado entre Collins e de Valera, polo cal as dúas faccións do Sinn Féin permanecerían unidas ata a celebración de novas eleccións xerais en xuño, nomeando candidatos dun e doutro bando segundo a proporción de deputados pro- e anti-Tratado no Dáil. Aínda así, os “*Free Staters*” e os “republicanos” realizaron campaña por separado en apoio das súas posicións, mentres crecía a tensión arredor do posicionamento anti-Tratado do IRA e, por primeira vez, mobilizábanse terceiros partidos (laboristas, agraristas e candidatos independentes), favorables ao Tratado<sup>69</sup>.

As eleccións do 16 de xuño de 1922 foron atendidas por un 62,5% do electorado e celebradas mediante sistema proporcional. Novamente, o Sinn Féin foi o partido máis votado, con 92 escanos dun total de 128 e un 59,8% dos votos, seguido do Partido Laborista con 17 deputados (21,4% do total) o Partido dos Granxeiros con 7 (7,9%) e 10 independentes (11%). Non obstante, a verdadeira elección sobre a cuestión do Tratado resultou nun gran éxito para os pragmatistas do Sinn Féin: dos 65 candidatos pro-Tratado presentados, 58 foron elixidos por un 38,5% do voto, mentres que só 34 dos 58

---

<sup>69</sup> Laffan, M. (1999), pp. 387-399.

anti-Tratadistas conseguiron actas de deputado, cun 21,3% do voto<sup>70</sup>. Unidos aos bos resultados dos outros partidos, os pro-Tratadistas lograron unha maioría absoluta nas urnas e no Dáil, e o Tratado quedou referendado *de facto* pola maioría dos votantes irlandeses. Non obstante, a fidelidade absoluta á causa da república do Sinn Féin anti-Tratado e, sobre todo, do IRA, e a ansiedade que isto causaba no goberno provisional remataría por comezar un novo conflito.

A Guerra Civil Irlandesa iniciouse o 28 de xuño de 1922, só dúas semanas despois das eleccións, cando unidades do recentemente creado Exército Nacional bombardearon o complexo de Four Courts en Dublín, ocupado desde varios meses atrás polo IRA. Estendeuse ata a rendición das forzas anti-Tratado o 24 de maio de 1923, e, como acontecera durante a Guerra de Independencia, o Sinn Féin xogou un papel secundario á loita militar. Este foi especialmente o caso do bando republicano, onde de Valera e os seus seguidores foron perderon cada vez máis relevancia a medida que o IRA ía perdendo posicións e víase obrigado a volver á guerra de guerrillas, á vez que se desbarataba a vella rede de clubs simpatizantes por mor da fatiga bélica e da violencia fratricida dos que antano foran considerados heroes<sup>71</sup>. Pola contra, o Sinn Féin pro-Tratado mantivo o control sobre o goberno e as forzas armadas, incluso despois da morte de Griffith o 12 de agosto de 1922 e do asasinato de Michael Collins o 22 do mesmo mes. Agora baixo o liderado de W.T. Cosgrave, buscou distanciarse das súas raíces republicanas, conformándose como un novo partido en abril de 1923 baixo o nome de Cumann na nGaedheal, que gobernaría de forma ininterrumpida ata 1932.

#### **4.2. O declive do Sinn Féin residual**

De Valera e o Sinn Féin anti-Tratado lograron sobrevivir á Guerra Civil, refundando o partido nun mitin en Dublín o 11 de xuño de 1923 onde os seus partidarios reclamaron ser a lexítima continuación do Sinn Féin orixinal, preservando o nome. A pesar da represión exercida polas novas autoridades do Estado Libre (ou tal vez debido a ela, como acontecera coa simpatía causada pola vella represión británica),

---

<sup>70</sup> White, A. (2022). The Irish General Election of June 1922. *Studies: An Irish Quarterly Review*, 111 (442), pp. 142-144.

<sup>71</sup> Laffan, M. (1999), pp. 414-417.

o partido republicano logrou obter 44 escanos nas eleccións do 27 de agosto de 1923, cunha porcentaxe do 27% dos votos, fronte aos 63 (39%) de Cumann na nGaedheal<sup>72</sup>. Entón, nunha imitación dos eventos de 1918-1919, os seus deputados abstivéronse de tomar o xuramento á Coroa británica e participar no “ilexítimo” Dáil do Estado Libre, proclamando que o Segundo Dáil elixido en 1921 continuaba sendo a lexislatura lexítima e que eles, ao non traizoar a causa republicana subscribindo o Tratado Anglo-Irlandés, eran os lexítimos representantes da verdadeira República Irlandesa<sup>73</sup>.

A pesar da recuperación inicial do “terceiro” Sinn Féin, pasando de contar con só 10 clubs o 11 de xuño de 1923 a 729 en novembro<sup>74</sup>, pronto perdeu o seu ímpeto, gañando só 4 das 24 eleccións parciais nas que participou nos seguintes anos e baixando a 375 seccións locais en marzo de 1925<sup>75</sup>. Opinando que a política de abstención parlamentaria non estaba dando resultado, de Valera intentou convencer aos delegados do Ard Fheis de marzo de 1926 de abandonala. A súa moción foi derrotada por 223 votos en contra e 218 a favor, pero de Valera respondeu abandonando o partido cos seus seguidores, fundando no seu lugar Fianna Fáil, co que gañaría 42 escanos nas eleccións de xuño de 1927, e que remataría chegando ao poder en 1932<sup>76</sup>.

Mentres a política irlandesa transformábase nun sistema bipartidista dominado por Fianna Fáil e Fine Gael, o sucesor de Cumann na nGaedheal, o “cuarto” Sinn Féin, dominado por republicanos recalcitrantes como Mary McSwiney, continuou o seu longo declive. Nas eleccións de xuño de 1927 só obtivo cinco deputados (abstencionistas), que perdeu definitivamente na repetición de comicios de setembro dese ano, debido ao traspaso de votos a Fianna Fáil, á súa asociación cos restos do IRA que continuaban a loita contra o Estado Libre, e ás medidas represivas dos gobernos de Cumann na

---

<sup>72</sup> Feeney, B. (2002), pp. 198-201.

<sup>73</sup> O’Ruitileis, P. (16 de outubro de 1923). *Dáil Eireann : government of the Republic of Ireland; to the presiding chairman and delegates, Ard Fheis*. NLI, EPH C137

<sup>74</sup> O’Dalaigh, S. (27 de novembro de 1923). *Report for the meeting of the Ard Chomhairle*, NLI, MS 8786/4/21.

<sup>75</sup> Stack, A., O’Dalaigh, S. (19 de marzo de 1925). *Report for the Ard Chomhairle regarding the state of organisation in Sinn Féin cumainn*. NLI, MS 8786/6/7, p. 1.

<sup>76</sup> Feeney, B. (2002), pp. 201-203.

nGaedheal, como a “*Public Safety Act*” de 1927<sup>77</sup>. Para 1931, o partido era tan marxinal que nin sequera foi incluído na lista de “organizaci3ns subversivas” susceptibles de ser prohibidas, e o sector comunista do IRA considerou que “*o partido de Miss McSwiney est3 acabado*”, proponendo empregar como brazo pol3tico unha nova formaci3n, Saor 3ire<sup>78</sup>. Pero a maior3a dos membros do Ex3rcito Republicano optaron por preservalo, e o Sinn F3in continuou existindo, reclamando ser o lex3timo goberno republicano incluso cando o goberno de de Valera aboliu o Estado Libre e converteu a Irlanda nunha rep3blica en 1937. Non obstante, continuou sendo unha sombra do seu antigo ser, antes do seu rexurdir ao abeiro do Conflito Norirland3s nos anos 60 e 70.

## 5. CONCLUSI3NS

A historia do Sinn F3in pode ser enmarcada no contexto do ascenso dos nacionalismos e dos partidos de masas na Europa de finais do s3culo XIX e comezos do XX, logrando mobilizar no per3odo 1917-1919 a unha gran parte da poboaci3n irlandesa pola causa dunha rep3blica independente a trav3s dunha excelente coordinaci3n, un bo uso das oportunidades propagand3sticas que se lle presentaron e unha extensa rede de secci3ns locais que actuaron como s3lidos cimentos e como gu3as para afiliados e simpatizantes. Non obstante, as s3as particularidades (a s3a transformaci3n ideol3xica de monarquismo a republicanismo, o seu paso de grup3sculo moribundo a formaci3n maioritaria nun relativamente reducido espazo de tempo, a s3a ca3da por medio dunha guerra civil entre as s3as facci3ns) fan del un caso particular, e ser3a interesante realizar unha comparaci3n m3is exhaustiva con posibles equivalentes: as formaci3ns pol3ticas noutros Estados contempor3neos novamente independizados do centro e leste de Europa (Polonia, Checoslovaquia, Hungr3a, os pa3ses b3lticos, etc.), os movementos das naci3ns sen Estado europeas, as organizaci3ns nacionalistas na metr3pole (Escocia) ou nas colonias (a India, Exipto) brit3nicas...

---

<sup>77</sup> Maillot, A. (2015). L’3tat Libre, l’3ire et la subversion du Sinn F3in, 1926-1948. *3tudes Irlandaises*, 40 (1), pp. 43-57.

<sup>78</sup> 3dem. Traduci3n do autor.

Volvendo á propia Irlanda, o Sinn Féin deixou unha profunda impresión no desenvolvemento do novo Estado. Mesmo se os seus partidos sucesores remataron por renegar das propostas máis innovadoras do movemento, como o Programa Democrático ou a construción dunha estrutura política completamente diferente da británica<sup>79</sup>, a memoria do esforzo colectivo independentista realizado baixo o liderado do Sinn Féin converteuse nun dos seus mitos fundacionais, e continua influíndo considerablemente na auto-percepción da identidade nacional irlandesa. O feito de que os dous grandes partidos que aínda dominan o panorama político irlandés (tres, se se ten en conta ao “novo” Sinn Féin) teñan a súa orixe no cisma pro-Tratado/anti-Tratado reflexa ata que punto o presente continúa véndose afectado polos eventos de fai un século.

---

<sup>79</sup> Kissane, B. (2009). The Constitutional Revolution That Never Was: Democratic Radicalism and the Sinn Féin Movement, *Radical History Review*, 104, pp. 90-96.

## 6. BIBLIOGRAFÍA

- Anónimo. (1918). Arrest of Irish Plotters: Sixty-nine Sinn Fein Members Imprisoned for Treasonable Relations With the Enemy. *Current History (1916-1940)*, 8 (1), 88–90. <https://www.jstor.org/stable/45470465>
- Augusteijn, J. (Ed.). (2002). *The Irish Revolution, 1913-1923*. Palgrave.
- Brayden, W. H., e Sullivan, A.M. (1920). SINN FEIN COURTS IN OPERATION. *American Bar Association Journal*, 6 (4), 8–11. <https://www.jstor.org/stable/25700668>
- de Bromhead, A., Fernihough, A., Hargaden, E. (2020) Representation of the People: Franchise Extension and the “Sinn Féin Election” in Ireland, 1918. *The Journal of Economic History*, 80 (3), 886-925. <https://doi.org/10.1017/S0022050720000376>
- Brooks, S. (1916). The Irish Insurrection. *The North American Review*, 204 (728), 57-69. <https://www.jstor.org/stable/25108865>
- Coquelin, O. (2017). 1917: une année charnière dans la révolution irlandaise. *Cahiers d'histoire. Revue d'histoire critique*, 137, 91-105. <https://doi.org/10.4000/chrhc.6351>
- Dháibhéid, C. N. (2012). THE IRISH NATIONAL AID ASSOCIATION AND THE RADICALIZATION OF PUBLIC OPINION IN IRELAND, 1916—1918. *The Historical Journal*, 55 (3), 705-729. <https://www.jstor.org/stable/23263270>
- Fanning, R. (2016). 1917: The Metamorphosis of Éamon de Valera. *Studies: An Irish Quarterly Review*, 105 (417), 24-30. <https://www.jstor.org/stable/24871381>
- Feeney, B. (2002). *Sinn Féin. Un siglo de historia irlandesa*. Edhasa.
- Fitzpatrick, D. (1978). The Geography of Irish Nationalism 1910-1921. *Past & Present*, 78, 113-144. <https://www.jstor.org/stable/650375>
- Gaynor, P. (1997). Sinn Féin Árd Fheis of 1917: A North Tipperary Priest’s Account. *Tipperary Historical Journal*, 60-64. <https://tipperarystudies.ie/tipperary-historical-journal-1997/>
- Griffith, A. (1918). *The Resurrection of Hungary: A Parallel for Ireland*. (3ª edición). Wheland and Son. <https://archive.org/details/resurrectionofhu00grifiala>
- Hart, P. (1997). The Geography of Revolution in Ireland 1917-1923. *Past & Present*, 155, 142-176. <https://www.jstor.org/stable/651129>
- Haglund, D. G., e Korkut, U. (2015). Going Against the Flow: Sinn Féin’s Unusual Hungarian “Roots.” *The International History Review*, 37 (1), 41-58. <https://www.jstor.org/stable/24703148>
- Inoue, K. (1998). Sinn Féin Propaganda and the “Partition Election”, 1921. *Studia Hibernica*, 30, 47-61. <https://www.jstor.org/stable/20495089>
- Irish Statute Book. (s.f.). *Constitution of the Irish Free State (Saorstát Eireann) Act, 1922*. <https://www.irishstatutebook.ie/eli/1922/act/1/schedule/2/enacted/en/html>
- Kissane, B. (2009). The Constitutional Revolution That Never Was: Democratic Radicalism and the Sinn Féin Movement, *Radical History Review*, 104, 77-102.
- Laffan, M. (1999). *The Resurrection of Ireland. The Sinn Féin Party, 1916-1923*. Cambridge University Press.
- Maillot, A. (2015). L’État Libre, l’Eire et la subversion du Sinn Féin, 1926-1948. *Études Irlandaises*, 40 (1), 43-57. <https://doi.org/10.4000/etudesirlandaises.4447>
- McCabe, C. (2010). The Irish Labour Party and the 1920 local elections. *Saothar*, 35, 7-20. <https://www.jstor.org/stable/23200073>

- McGee, O. (2015). *Arthur Griffith*. Merrion Press.
- O'Connor, E. (2005). The age of the red republic: the Irish left and nationalism, 1909-36. *Saothar*, 30, 73-82. <https://www.jstor.org/stable/23199800>
- O'Halpin, E. (1984), British intelligence in Ireland, 1914-1921, en Andrew, C. e Dilks, D. (eds.), *The missing dimension: governments and intelligence in the twentieth century*, Macmillan, 54-77.  
[https://www.academia.edu/89322933/OHALPIN\\_BRITISH\\_INTELLIGENCE\\_IN\\_Ireland\\_1914\\_21\\_1984\\_AND\\_FINANCING\\_BRIITISH\\_INTELLIGENCE\\_1987](https://www.academia.edu/89322933/OHALPIN_BRITISH_INTELLIGENCE_IN_Ireland_1914_21_1984_AND_FINANCING_BRIITISH_INTELLIGENCE_1987)
- Ranger, P. (2011). The World in Paris and Ireland too: The French Diplomacy of Sinn Féin, 1919-1921. *Études irlandaises*, 36 (2), 39-57.  
<https://doi.org/10.4000/etudesirlandaises.2333>
- Stephens, J. (2019). *La insurrección en Dublín*. Marge Books. <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/184825>
- University College Cork. (22 de novembro de 2010). *The Constitution of Sinn Féin*. <https://research.ucc.ie/celt/document/E900007>
- White, A. (2022). The Irish General Election of June 1922. *Studies: An Irish Quarterly Review*, 111 (442), 140-147. <https://www.jstor.org/stable/27263375>